



Exiximos unha rectificación pública do conselleiro das súas declaracións sobre o persoal interino

A CIG-Ensino considera totalmente fóra de lugar as declaracións do conselleiro na rolda de prensa da presentación da oferta de emprego na que afirmou que a “boa situación do sistema educativo galego” estaba relacionado coa reducida porcentaxe de persoal interino en relación ao resto das comunidades do estado. A estabilidade laboral e nos claustros sempre é un elemento importante para mellorar o noso traballo como docentes mais o traballo que realiza o persoal interino, como o que é funcionariado de carreira, non pode ser posto en cuestión, xa que todo o profesorado galego, con independencia da súa situación administrativa, foi e é un exemplo de esforzo e dedicación ao sistema educativo, e nestes dous anos de pandemia evidenciouse. É un insulto que o conselleiro non o recoñeza.

Sentenza cátedras conservatorio

En que situación nos atopamos ao respecto da execución das sentenzas? Que previsións ten a Consellaría? **Hai algunha demanda de execución. Van comezar por resolver un incidente de execución dun colectivo de participantes que non obtivo praza e que solicitan que as prazas que poidan quedar vacantes pola perda de condición de catedrático lles sexan adxudicadas. A Consellaría entende que a sentenza non o permite e vanse dirixir ao TSXG para que aclare a situación. Mentres non haxa unha solución a este tema non poden facer nada máis. Agardan que para comezos de curso 2022/23 estea todo resolto.**

Proceso de integración dos PTFP no corpo de PES

Sabendo que o regulamento para a integración é responsabilidade do Ministerio, preguntamos se a Consellaría tratou co MEFP as datas que manexa unha integración que vai cumprir agora un ano de retraso, para quen tiña o requisito de titulación.

Afirman que non teñen ningunha información. Non pode haber procedemento sen que o Ministerio aprobe o Regulamento. Os efectos serán desde a entrada en vigor da nova Lei Orgánica de FP.

Data finalizacións das substitucións do persoal adscrito a programas

As substitucións das persoas mentoras que forman parte dos equipos de apoio dixital aos centros (DixitalGal) e das substitucións das persoas responsábeis das unidades de acompañamento e orientación persoal e familiar (RAOGAL) teñan data de remate a 30 de xuño. Solicitamos que sexan consideradas prazas de persoal interino, é dicir, que o nomeamento se alongue até 31 de agosto. **Non van cambiar a data de finalización dos contratos.**

Coidado das crianzas: deber inescusábel

Seguimos sen ter solución sobre que facer cando as nosas crianzas son contacto directo dun positivo por COVID ou cando lles pechan a aula, non poden acudir ao centro escolar pero nós non temos permiso para o seu coidado. Esiximos que se computen como o que son: un deber inescusábel. **Alegan que non poden tomar esa decisión xa que excede das súas competencias, ao ser un tema que afecta a todo o persoal da Xunta.**

Plan de Igualdade para o persoal docente da Consellería de Educación

Toda administración pública, na súa condición de empregadora, está obrigada a elaborar un Plan de Igualdade antes de marzo de 2022. Función Pública xa está negociando o seu para o persoal da administración xeral, que no caso da Consellería de Educación só afecta ao persoal non docente. A CIG-Ensino demanda que Educación comece a negocialo canto antes para o profesorado. **Tratarán o tema coa secretaría xeral técnica.**

Comisión de baremación do CXT

Cando está previsto que comece funcionar a comisión de baremación subxectiva? De igual forma preguntamos cando está previsto comezar coa publicación das puntuacións provisionais? **Convocarán en breve. Non teñen datas previstas para a publicación provisional.**

Actualización listas de mestres. Cobertura das baixas

Desde a CIG-Ensino xa solicitamos a actualización inmediata das listas de substitucións do corpo de mestres que entendemos necesaria para a cobertura de todas as baixas producidas pola 6ª vaga. De igual forma solicitamos que se cubran con urxencia todas as baixas do persoal dos centros educativos. A falta de persoal na Consellaría para realizar os chamamentos non pode ser desculpa para que os centros non vexan cubertas as súas necesidades. **Informan de que comezaron a publicación das actualizacións nesta mesma mañá.**

Transparencia dos datos da pandemia.

Por primeira vez desde setembro de 2020 o conselleiro deu datos da afectación da pandemia no profesorado como sempre solicitou a CIG. Demandamos que esa información se manteña e que poida servir de referencia para un estudo rigoroso sobre a saúde laboral do profesorado.

Datas da publicación das cátedras

Temos constancia de varios recursos de alzada aceptados que van variar a resolución do concurso de cátedras. Vai haber unha nova publicación? Cando está prevista a resolución definitiva? Entendemos que se mantén a data de efectos económicos e administrativos do 1 de xaneiro do 2022. **Hai uns 80 recursos presentados. Unha vez analizados cales van ser aceptados publicarán que persoas adquiren a condición de cátedras, e esta condición será desde o 1 de xaneiro de 2022.**

Regulamentos Orgánicos de Centros

Levamos preguntando desde hai máis dun ano pola situación dos grupos de traballo que se nos dixo foron creados para redactar unha nova proposta dos ROC e non sabemos nada. **Tratarán o tema coa secretaría xeral de educación.**

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal